



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DA GUARDA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “PORTA DO TEGRA”, NO MONTE DE SANTA TEGRA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello da Guarda o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o Monte Santa Tegra está situado no concello da Guarda, e na súa cima atópase situado o castro de Santa Tegra, declarado Monumento Histórico Artístico Nacional no ano 1931, e tendo a consideración de Ben de Interese Cultural. Debido á súa importancia histórica e enclave xeográfico trátase do castro galego máis emblemático e visitado, e polo tanto, como recurso turístico, incide na afluencia turística da zona e por extensión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello da Guarda para o proxecto consistente nunha edificación que albergue un punto de recepción para visitantes, un posto de control, cobro e regulación de acceso, un espazo de información turística e divulgativa do asentamento castrense, aseos para o persoal, así como a realización das obras de acondicionamento da área de recepción de visitantes e pavimentación especial de redución de velocidade dos vehículos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:





Primeiro.- O Decreto 196/2012, do 27 de setembro, crea a Axencia Turismo de Galicia, entidade pública instrumental cuxo obxectivo básico é o de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo. Entre as competencias da Axencia Turismo de Galicia está a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo que se desenvolvan no ámbito da administración da comunidade Autónoma.

Así mesmo, no exercicio das súas funcións, a esta entidade correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscrición de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Terceiro.- A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar ao concello da Guarda no desenvolvemento desta actividade por ser unha iniciativa de relevancia para a oferta turística galega e para o impulso da mellora económica do sector.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello da Guarda unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Axencia Turismo de Galicia



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

